

EXTRACTO ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 7 DE MAIO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 19/2018 DE DATA 2 DE MAIO DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 19/2018 do día 2 de maio de 2018.

2.- EXPEDIENTE 3071/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse conceder licenza para a legalización dun porche ligado a local con uso de restaurante existente e peche de depósito de GLP, no lugar de Carretera, nº 10–Vilatuxe–Lalín.

3.- EXPEDIENTE 369/2018. LICENZA DE OBRA.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para instalación de

explotación avícola para produción de ovo campeiro, nas parcelas coas seguintes referencias catastrais de rústica 6024E504001170000OY, 36024E504001180000OG, 36024E504001190000OQ, 36024E504001200000OY e 36024E504001210000OG, no paraxe de “MOSQUEIROS” e “FONTE MOSQUEIROS”, preto do lugar de Santiso – Lalín.

4.- EXPEDIENTE 2381/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para cambio de tella no lugar de A Xesta 40, parroquia de A Xesta – Lalín.

5.- EXPEDIENTE 427/2018. "CONTRATACIÓN EXTERNA DA REDACCIÓN DUN ANTEPROXECTO PARA A DEFINIÇÃO DE LALIN CINTO VERDE LA06 LALINSSUMA21".

Acordouse aprobar a proposta da Sra. Concelleira Delegada das Áreas de Medio Ambiente, Parques e Xardíns e responsable do OTA da estratexía Lalín SSUMA 21 en relación co citado expediente para a “CONTRATACIÓN EXTERNA DA REDACCIÓN DUN ANTEPROXECTO PARA A DEFINIÇÃO DE LALÍN CINTO VERDE .LA 06. LALIN SSUMA 21”.

6.- EXPEDIENTE 204/2018. EXPEDIENTE PARA AMPLIACIÓN DE PRAZO DE AXUDAS TÉCNICAS.

Acordouse a Modificación da base décima das bases reguladoras das melloras ofertadas pola empresa adxudicataria dos servizos de atención domiciliaria do Concello de Lalín para ampliar o prazo de presentación de solicitudes ata o 30 de xuño de 2018.

7.- EXPEDIENTE 241/2018. PROPOSTA XUSTIFICACIÓN CONVENIO AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DA L FEIRA DO COCIDO.

Acordouse aprobar a proposta da Sra. Concelleira Delegada de Facenda do Concello de Lalín, na que informa á Xunta de Goberno que con motivo da xustificación do Convenio de colaboración entre a

Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Lalín para a celebración da L^a Feira do Cocido de Lalín, en concreto para a promoción da mesma e Premios de Xornalismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”, e nos termos do establecido no artigo 8 e seguintes do Decreto 193/2011, de 6 de outubro polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, se realizou un gasto por importe total de 37.592,64 € tal como figura no anexo que se acompaña a esta proposta.

8.- EXPEDIENTE 1724/2018. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse aprobar a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Benestar Social, de alta horaria no servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

9.- EXPEDIENTE 1722/2018. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse aprobar a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Benestar Social, de alta horaria no servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

10.- EXPEDIENTE 4257/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse aprobar a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Benestar Social de Baixa no Servizo de axuda no fogar modalidades libre concorrencia para unha persoa beneficiaria con motivo do seu pasamento.

11.- EXPEDIENTE 1838/2018. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse aprobar a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Benestar Social, de alta horaria no servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

12.- EXPEDIENTE 2537/2018. SOLICITANDO SE LLE

CONCEDA LOCAL DA FEIRA NOVA PARA EXPOSICIÓN DE CANS DE LALÍN, A CELEBRAR O 20 DE MAIO DE 2018.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso dun Local da Feira Nova para a celebración da exposición de cans de Lalín para o día 20 de maio de 2018.

13.- EXPEDIENTE 2541/2018. SOLICITANDO AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR UNHA PROBA DE AGILITY, DÍA 3 DE XUÑO NA ZONA AXARDINADA DA PRAZA DE GALICIA.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso da zona axardinada da Praza de Galicia para a celebración da proba de Agility o día 3 de xuño de 2018.

14.- EXPEDIENTE 2555/2018 SOLICITUDE DE PISTAS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL O VENRES 11 DE MAIO PARA A CEA XUNTANZA DO CLUB BALONMAN LALÍN.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso da pista de cemento do Pavillón Municipal o venres día 11 de maio de 2018 e que esta libre dende as 18:00 horas e a partires das 22:00 horas as dúas pistas do Pavillón Polideportivo Municipal que estean libres para a celebración da tradicional Cea-Xuntanza do Clube Balonmán Lalín no Pavillón Municipal de Lalín.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2371-2018. APROBACIÓN DE CONVENIO.

Acordouse a adhesión formal e expresa do Concello de Lalín a todas e cada unha das cláusulas do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A INTEGRACIÓN DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS NO CATÁLOGO COLECTIVO DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:

EXPEDIENTE 2001/2018. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (POLICIA).

Acordouse conceder a autorización para a instalación dun posto de 6 metros na rúa Rosalía de Castro para a venda ambulante de téxtil, conceder autorización para a instalación dun posto de 2 metros na rúa Principal para a venda ambulante de churros e rosquillas, conceder a baixa para a venda de polbo na rúa B-Lalín e a baixa do posto 139 da rúa Rosalía de Castro-Lalín.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 386/2018. PLAN MARCO 2018/2019.

Deuse conta do escrito remitido co que achegan notificación de resolución de concesión de axuda- Plan de Mellora de Camiños Municipais 2018-2019, nº de expediente PM-2018-2019, *REFORZO DO FIRME DA PISTA DA VEIGA (SAN RAMÓN) E MELLORA DO ACCESO AO TOXO (FONTECABALOS-SELLO)*.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 673/2018. LICENZA DE OCUPACIÓN DE BEN DE DOMINIO PÚBLICO.

Acordouse Iniciar o expediente de contratación denominado “PROCEDIMIENTO PARA OTORGAR OS POSTOS NÚMS. 6, 13, 14, 54 E A PARTE NOVA DA PRAZA DE ABASTOS DE LALÍN (BC1201) (EE673/2018).

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2498/2018. RELACION DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas (Relación nº 00024 por importe de 18.280,52 €).

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2581/2018. ADHESIÓN Á CENTRAL DE

CONTRATACIÓN DA FEMP.

Acordouse a adhesión a la Central de Contratación de la FEMP a fin de poder contratar las obras, servicios y suministros que oferte, de conformidad a las condiciones y precios que se fijen en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha central y las empresas adjudicatarias de los mismos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:30 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.